



PRESENTACIÓN

I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas e obxectivos de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2013.

Na súa primeira parte analízase a coherencia entre os Obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2010-2014 horizonte 2020 e a Estratexia Europa 2020.

Recóllese así mesmo a inserción da política rexional estrutural de cohesión da UE 2007-2013 nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2013, mediante as anualidades do FEDER e FSE en relación coa consideración de Galicia como rexión española incluída no Obxectivo “Converxencia”, así como as relacionadas co Obxectivo de “Cooperación Territorial Europea”. Coa mesma finalidade expóñense as políticas sectoriais 2007-2013 da UE para o medio rural e a pesca, a través das anualidades 2013 do FEADER e do FEP respectivamente.

Nunha segunda parte analízanse as prioridades de gasto estratéxico poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre os programas e as medidas e actuacións do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 fixadas pola acción do goberno.

E finalmente inclúense as fichas de cada un dos programas de gasto que integran a clasificación funcional dos orzamentos.

GASTO ESTRATÉXICO

1.1. FORMULACIÓN DA ESTRATEXIA DO PEG 2010-2014 HORIZONTE 2020

Neste apartado analízase a coherencia dos Obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020 (PEG) coas políticas económicas e de emprego da Estratexia Europea 2020.

1.1.1. A Estratexia Europa 2020

O 26 de marzo de 2010, o Consello Europeo acordou, por proposta da Comisión, *poñer en marcha unha nova estratexia en favor do emprego e o crecemento, Europa 2020*, baseada nunha mellor coordinación das políticas económicas que se concentrará nos principais ámbitos en que é necesario actuar para promover o potencial europeo de crecemento sustentable e competitividade.

Europa 2020 sucede á actual Estratexia de Lisboa, que foi a estratexia de reforma da UE para a pasada década e que axudou, aos países da UE mais afectados pola crise, a levar a cabo políticas conxuntas e coordinadas para minorar os seus efectos. Aproveita os logros obtidos pola Estratexia de Lisboa como asociación para o crecemento e o emprego renovaos para facer fronte aos novos desafíos. A Comisión considera que debe centrarse naqueles ámbitos políticos clave nos que a colaboración entre a UE e os Estados membros poden dar mellores resultados, así como na mellora da súa posta en práctica, facendo un mellor uso dos instrumentos dispoñibles.

A Unión Europea propón esta nova estratexia, para apoiar o emprego, a produtividade e a cohesión social en Europa e facer fronte aos retos da globalización, o cambio climático e o envellecemento da poboación. A súa finalidade non só é superar a crise que continúan sufrindo moitas das economías europeas, senón tamén paliar os defectos do modelo de crecemento e crear as condicións adecuadas para lograr un crecemento distinto: un crecemento intelixente, a través de investimentos máis eficaces en educación, investigación e innovación, sustentable, grazas ao impulso decidido a unha economía baixa en carbono e a unha industria competitiva, e integrador, que poña o acento na creación de emprego e na redución da pobreza. Para deixar atrás a crise económica a Unión Europea está creando as condicións propicias para avanzar nunha economía máis competitiva que xere máis emprego

Para isto fíxanse cinco obxectivos clave que a UE debe acadar ao final da década nos seguintes ámbitos:

No ámbito do emprego: acadar unha taxa de emprego do 75% para a poboación de entre 20 e 64 anos.

No ámbito da I+D: Investir un 3% do Produto Interior Bruto (PIB) na investigación e o desenvolvemento.

En relación co cambio climático e a enerxía: reducir nun 20% as emisións de carbono (e, se as condicións o permiten, nun 30%) respecto dos niveis de 1990, aumentar hasta o 20% as enerxías renovables, e aumentar o 20% a eficiencia enerxética.

Educación: reducir a taxa de abandono escolar a menos do 10% e aumentar ata o 40% a taxa de titulados do ensino superior.

Integración social e redución da pobreza: reducir en 20 millóns o número de persoas en situación o risco de pobreza e exclusión social.

Obxectivos de Europa 2020	
Taxa de emprego (persoas entre 20 e 64 anos)	75%
Gasto bruto en I+D sobre o PIB (%)	3%
Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (en comparación con niveis de 1990)	-20%
Fontes de enerxías renovables	20%
Eficiencia enerxética (redución do consumo de enerxía en Mtep)	20%
Abandono escolar	< 10%
Ensinanza superior (en %)	40%
Redución da poboación en risco de pobreza ou exclusión social (nº de persoas)	20 millóns

Estes obxectivos concréntanse en obxectivos nacionais comúns que deben acadarse combinando medidas nacionais e europeas. Están relacionados entre si e poténcianse mutuamente:

As melloras educativas contribúen á empregabilidade e á redución da pobreza.

O crecemento dos investimentos en I+D + i na economía, unido aos recursos máis eficaces, farán crear máis emprego e ser máis competitivos.

Investir en tecnoloxías máis limpas combate o cambio climático e crea novas oportunidades de negocios e emprego.

A este fin, o Consello Europeo acordou na súa reunión do 26.03.2010 (EUCO 7/10) fixar as metas principais da UE, que constitúen obxectivos comúns para orientar a actuación dos Estados membros e da Unión. Tendo en conta estas metas, os Estados membros establecen os seus obxectivos nacionais. Pola súa banda, na esfera da UE, a Comisión traballará para aplicar esta estratexia, especialmente a través das súas 7 *Iniciativas Emble-*

máticas expostas na Comunicación sobre o Programa Europa 2020 e que deben aplicarse nos Estados membros:

1. Unión pola innovación, que apoiará a produción de produtos e servizos innovadores; en particular, os relativos ao cambio climático, a eficiencia enerxética, a saúde e o envellecemento da poboación (Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico Social Europeo e ao Comité das Rexións COM(2010) 546 final do 06.10.2010).
2. Xuventude en movemento, que permitirá en especial mellorar o rendemento do sistema educativo, a aprendizaxe non formal e informal, a mobilidade dos estudantes e investigadores, así como a entrada de mozos no mercado de emprego (Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico Social Europeo e ao Comité das Rexións COM(2010) 477 final do 15.09.2010).

Unha axenda dixital para Europa, que favorecerá a creación dun mercado dixital único, caracterizado por un alto nivel de seguridade e un marco xurídico claro. Ademais, toda a poboación debe poder acceder a Internet de banda longa, de velocidades superiores (Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico Social Europeo e ao Comité das Rexións COM(2010) 245 final/2 do 26.08.2010).

1. Unha Europa que utilice eficazmente os recursos, que apoiará a xestión sustentable dos recursos e a redución de emisións de carbono, mantendo a competitividade da economía europea e a súa seguridade enerxética (Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico Social Europeo e ao Comité das Rexións COM(2011) 21 final do 26.01.2011).
2. Unha política industrial para a era da globalización, que axudará ás empresas do sector a superar a crise económica, integrarse no comercio mundial e adoptar modos de produción máis respectuosos co medio (Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico Social Europeo e ao Comité das Rexións COM(2010) 614 final do 28.10.2010).

Unha axenda para novas cualificacións e empregos, que permitirá mellorar o emprego e a viabilidade dos sistemas sociais. Trata, especialmente, de fomentar as estratexias de flexibilidade, a formación de traballadores e estudantes, así como a igualdade entre homes e mulleres e o emprego de persoas maiores (Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico Social Europeo e ao Comité das Rexións COM(2010) 682 final do 23.11.2010).

Plataforma europea contra a pobreza, que aumentará a cooperación entre os Estados membros, e terá en conta o método aberto de coordinación en materia de exclusión e de protección social. O obxectivo da plataforma debe ser a cohesión económica, social e territorial da UE, así como a inclusión social das persoas que se encontran nunha situación de pobreza (Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico Social Europeo e ao Comité das Rexións COM(2010) 758 final do

16.12.2010).

O Tratado de Funcionamento da Unión Europea declara que os Estados membros considerarán as súas políticas económicas e o fomento do emprego como cuestións de interese común e coordinaranas no seo do Consello. En dous artigos distintos prevé que o Consello adoptará orientacións para a política económica e para a política de emprego, especificando que esta última debe ser coherente coa primeira.

As “Orientacións Integradas Europa 2020” (OI) fixan o marco para a Estratexia Europa 2020 e para as reformas en cada Estado membro, é dicir, son orientacións para a política económica e para a política de emprego. Pretenden garantir que as políticas nacionais e comunitarias contribúan plenamente ao logro dos obxectivos da Estratexia Europa 2020. Seguilas axudará aos Estados membros a aproveitar os efectos indirectos positivos dunhas reformas estruturais coordinadas, especialmente dentro da zona euro.

Están compostas polas seis directrices xerais para as políticas económicas dos Estados membros e da Unión, números 1 a 6 (Recomendación do Consello 2010/410/UE de 13 de xullo de 2010) e as catro orientacións para as políticas de emprego dos Estados membros, números 7 a 10 (Decisión do Consello 2010/707/UE de 21 de outubro de 2010). Xuntas constitúen as Orientacións integradas Europa 2020.

As dez Orientacións Integradas para Europa 2020 son as seguintes:

1. Garantir a calidade e a viabilidade das finanzas públicas.
2. Abordar os desequilibrios macroeconómicos.
3. Reducir os desequilibrios dentro da zona do euro.
4. Optimizar o apoio á investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i), reforzar o «triángulo do coñecemento» e liberar o potencial da economía dixital.
5. Mellorar a utilización eficiente dos recursos e reducir os gases de efecto invernadoiro.
6. Mellorar a contorna empresarial e dos consumidores e modernizar e desenvolver a base industrial para garantir o pleno funcionamento do mercado interior.
7. Aumentar a participación de mulleres e homes no mercado laboral, reducir o desemprego estrutural e fomentar o emprego de calidade.
8. Conseguir unha poboación activa cualificada que responda ás necesidades do mercado laboral e promover a aprendizaxe permanente.
9. Mellorar a calidade e os resultados dos sistemas educativos e de formación en todos os niveis e incrementar a participación no ensino superior ou equivalente.
10. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza.

Estas novas orientacións integradas reflicten as conclusións do Consello Europeo. Ofrecen unha orientación concreta para que os Estados membros definan e apliquen os seus Programas Nacionais de Reforma, tendo en conta a súa interdependencia e de

acordo co Pacto de Estabilidade e Crecemento. Constituirán tamén a base para elaborar o Informe Conxunto sobre o Emprego que envían anualmente o Consello e a Comisión ao Consello Europeo.

Polo tanto, partindo desta base, os Estados membros elaborarán Programas Nacionais de Reforma nos que expoñerán detalladamente as medidas que vaian tomar en virtude desta nova Estratexia, facendo especial fincapé nos esforzos necesarios para cumprir os obxectivos nacionais. Baseándose no seguimento efectuado pola Comisión e nos traballos realizados no Consello, o Consello Europeo avaliará cada ano os progresos xerais realizados na aplicación da Estratexia tanto na UE coma nos distintos países. Examinaranse simultaneamente os avances macroeconómicos, estruturais e en materia de competitividade, así como a estabilidade financeira xeral.

Os novos procesos de gobernanza económica que a UE ven establecendo desde 2010 marcarán en gran medida o éxito da estratexia Europa 2020. A continuación resúmense os elementos principais desta nova gobernanza económica.

“O Semestre Europeo”. É o período dos seis primeiros meses do ano que ten por finalidade a coordinación eficaz das políticas orzamentarias, macroeconómicas e estruturais dos Estados membros para permitirles ter en conta as consideracións da UE nunha fase temperá das súas decisións orzamentarias nacionais e noutros aspectos da formulación das súas políticas económicas.

- As principais etapas do Semestre Europeo son as seguintes:
 - a) En xaneiro, a Comisión presenta o seu Estudo Prospectivo Anual sobre o Crecemento, que establece as prioridades da UE para impulsar o crecemento e a creación de emprego durante o ano que empeza.
 - b) En marzo, os xefes de Estado e do Goberno da UE presentan as súas orientacións da UE para as políticas nacionais, baseadas no Estudo Prospectivo Anual sobre o Crecemento.
 - c) En abril, os Estados membros presentan os seus plans para conseguir unhas finanzas públicas saneadas (Programa de Estabilidade ou de Converxencia), así como as reformas e medidas para acadar un crecemento intelixente, sustentable e integrador (Programas Nacionais de Reforma).

En xuño, a Comisión avalía eses programas e presenta recomendacións específicas por país, se procede. Estas recomendacións son debatidas e aprobadas polo Consello Europeo.

Por último, a finais de xuño ou a principios de xullo, o Consello adopta oficialmente as recomendacións específicas para cada país.

“O Pacto de Estabilidade e Crecemento (PEC)”. É un conxunto de normas que alenta aos Estados membros a manter unhas finanzas públicas saneadas. O PEC ten dúas

vertentes:

A vertente preventiva, que pide aos Estados membros que presenten un programa anual de estabilidade (países da zona euro) ou de converxencia (o resto de países), ademais do seu Programa Nacional de Reformas. Neste Programa, os Estados membros indican como poden conseguir e manter unhas finanzas públicas saneadas a medio prazo. A Comisión pode facer recomendacións políticas (en xuño, dentro do Semestre Europeo) ou, en caso necesario, presentar unha proposta ao Consello para que emita unha advertencia rápida de déficit excesivo.

A vertente correctora, que regula o procedemento de déficit excesivo (PDE). Se un Estado incumpre o déficit orzamentario establecido no Tratado, o Consello emite recomendacións sobre a forma de resolver o problema. O seu incumprimento pode levar a imposición de sancións aos países da zona euro.

“A redución dos desequilibrios macroeconómicos”. A Comisión propón este novo mecanismo de seguimento e supervisión das economías dos Estados membros para detectar e corrixir canto antes os desequilibrios macroeconómicos que xurdan dentro da UE (burbullas inmobiliarias, aumento de déficits ou superávits da balanza por conta corrente ou descenso da competitividade). Cando os Estados crucen os “limiares de alerta”, a Comisión levará a cabo estudos específicos para analizar se os desequilibrios son prexudiciais e, en caso necesario, emitirá recomendacións.

“O pacto polo Euro Plus”. É un programa complementario de reformas adicionais acordado polos Estados membros da zona euro, que se centra en catro ámbitos: competitividade, emprego, sustentabilidade das finanzas públicas e reforzamento da estabilidade financeira. Outros 6 países que non forman parte da zona euro tamén optaron por subscribilo (Bulgaria, Dinamarca, Letonia, Lituania, Polonia e Rumanía). Este pacto foi aprobado polos dirixentes da UE en marzo de 2011, e os compromisos contraídos derivados incluíranse nos Programas Nacionais de Reforma dos Estados membros afectados.

“O saneamento do sector financeiro”. A UE creou novas normas e novos organismos para prever os problemas con máis antelación e asegurarse de que se regula e supervisa correctamente a actividade de todos os axentes financeiros. Ademais, ten o empeño de garantir que os bancos europeos contan con suficientes reservas de capital para soportar as turbulencias que poidan ameazar ao sistema financeiro no futuro, de modo que poidan seguir operando e ofrecendo créditos a fogares e empresas.

O diálogo entre as administracións nacionais, rexionais e locais permitirá acercar as prioridades da UE ao cidadán, favorecendo o sentido de implicación necesario para que todos contribúan a aproximar Europa aos obxectivos 2020.

A estratexia Europa 2020 xa está sendo a guía para a política económica que se está levando a cabo nos países da Unión, e será determinante na política de cohesión para o

novo período comunitario 2014-2020. Aínda que o ano 2013 é o último do vixente período, xa están practicamente definidos os principios do próximo, entre os que se atopa a orientación á consecución de resultados. A proposta de Regulamento de Disposicións comúns dos fondos comunitarios FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, FEADER e FEMP 2014-2020 aumenta a importancia dos programas ben deseñados tendo en conta as necesidades europeas, nacionais e rexionais e centrados nos resultados que se queren acadar.

O papel da avaliación ex ante vese reforzado no novo período de programación. Debe asegurar que os programas operativos articulan claramente a súa lóxica de intervención e poden demostrar a súa contribución a estratexia de Europa 2020.

O contido dos novos programas operativos require que cada eixe prioritario estableza indicadores para valorar o progreso da execución do programa cara ao logro dos obxectivos como base para o seguimento, avaliación e revisión do rendemento.

Así mesmo, é importante tamén destacar a concentración temática dos fondos FEDER e FSE. Polo que respecta ao FEDER, a previsión é que para as rexións da “rede de seguridade” (entre as que se encontrará Galicia) como mínimo o 60% dos recursos deben concentrarse na Innovación, na competitividade das Pemes e na eficiencia enerxética e enerxías renovables, debendo destinarse a este obxectivo estratéxico, polo menos, o 20% dos recursos.

No FSE a proposta de Regulamento establece que para as “rexións de transición” o 70% dos recursos se concentrarán como máximo en 4 prioridades de 4 Obxectivos Temáticos, nos de Emprego e Mobilidade laboral, Inclusión social e loita contra a pobreza, Educación e Capacidade institucional, debendo destinarse a Inclusión social e loita contra a pobreza, polo menos o 20% dos recursos.

1.1.2. Vinculación entres os Obxectivos Estratéxicos do PEG 2010-2014 e a Estratexia Europa 2020

No marco da estratexia anterior, os indicadores clave definidos polo Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, horizonte 2020, fan referencia a un crecemento económico, nunha economía aberta, competitiva, baseada no coñecemento, que empregue as novas tecnoloxías, xeradora de emprego de calidade, e solidaria na integración social e na sustentabilidade dos recursos. Trátase, ao tempo, de indicadores relevantes e coherentes, para facer efectivos os principios da estratexia europea (Europa 2020) de “crecemento, intelixente, sustentable e integrador”. Deles, o cadro adxunto mostra a evolución temporal recente, así como os obxectivos fixados no Plan.

PEG Galicia 2010-2014. Obxectivos de Crecemento, Coñecemento e Integración social)							
Indicador	2009			2010	2011	2014	2020
	Galicia	España	UE-27	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia
Crecemento							
PIB pc PPA (UE27=100)	92,6	103,0	100,0	91,2	-	95,0	100,0
Taxa de emprego entre 15 e 64 anos (*)	62,4	59,8	64,6	60,0	-	> 65	> 75
Taxa de emprego	48,3	49,1	-	46,2	45,6		
Taxa de apertura	107,2	49,6	72,5	110,9	114,3	120,0	135,0
Coñecemento							
Abandono educativo temperán (*)	26,0	31,2	14,4	23,1	20,8	< 18	< 10
Persoas con baixos niveis educativos (*)	51,9	48,5	27,9	51,1	49,1	46,0	41,0
Gasto en I+D en relación ao PIB (*)	1,0	1,4	2,0	1,0	-	> 1,7	3,0
Vivendas con conexión de banda larga (*)	38,3	51,3	56,0	46,5	51,6	> 60	> 75
Empresas con conexión a internet, sitio web e posibilidade de pedidos ou reservas en liña (*)	10,2	12,1	-	9,8	9,4	13	16
Integración social							
Taxa de risco de pobreza (*)	14,3	20,7	16,4	14,3	-	13,2	11,5
Taxa de desemprego de longa duración (*)	3,3	4,3	3,0	5,5	7,1	3,0	2,6
Sostibilidade							
Fontes de enerxía renovables (*)	78,8	25,7	18,2	94,5	-	85,1	94,6
Emisións de gas efecto invernadoiro (*)	101,8	130,0	83,0	-	-	95,7	80,0
Intensidade enerxética primaria (*)	267,0	168,1	165,2	288,0	-	245,6	213,6

(*) indicador relacionado coa estratexia europea 2020, fonte EUROSTAT

A planificación formulada no PEG recolle, no ámbito estratéxico, tres niveis de obxectivos: un Obxectivo Global, cinco eixes de actuación e dezaseis Obxectivos Estratéxicos (OE). O Plan asume como prioridades propias os principios orientadores da estratexia Europa 2020, que se formulan a partir dun crecemento económico intelixente, sustentable e integrador.

A coherencia entre o Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020 e as

Iniciativas Emblemáticas da estratexia Europa 2020 queda reflectida na seguinte táboa de vinculacións, onde se observa que todos os Obxectivos Estratéxicos do PEG 2010-2014 presentan, como mínimo, unha vinculación directa coas Iniciativas Emblemáticas, e por outra parte, ningunha Iniciativa Emblemática queda sen relacionar con algún dos Obxectivos Estratéxicos.

Vinculación dos Obxectivos Estratéxicos do PEG 2010-2014 coas Iniciativas emblemáticas da Estratexia Europa 2020

EIXES/OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PEG 2010-2014		INICIATIVAS EMBLEMÁTICAS (IE) DA ESTRATEXIA EUROPA 2020							
		1	2	3	4	5	6	7	
E1	1.1	Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	X					X	
	1.2	Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas	X		X				X
	1.3	Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe		X					X
	1.4	Atención ao benestar social							X
	1.5	Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais						X	X
E2	2.1	Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria	X			X	X		
	2.2	Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	X	X	X	X	X		
	2.3	Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clusters e o fomento da innovación e cooperación empresarial	X		X	X	X		
	2.4	Conseguir emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego		X					X
E3	3.1	Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	X		X				
	3.2	Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos	X		X	X			
E4	4.1	Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	X			X			
	4.2	Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	X			X			
	4.3	Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	X			X	X		
E5	5.1	Acadar unha administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación	X		X				
	5.2	Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	X		X				

Fonte: Consellería de Facenda. Elaboración propia

A Iniciativa Emblemática Unión pola innovación (IE 1) apoia a produción de produtos e servizos innovadores; en particular, os relativos ao cambio climático, a eficiencia ener-

xética, a saúde e o envellecemento da poboación. As actuacións relacionadas con esta iniciativa, están previstas no PEG, nos seguintes obxectivos estratéxicos:

- no Eixe 1, co OE 1.1 e o OE 1.2, revitalización demográfica e a prestación sanitaria pública
- no Eixe 2, co OE 2.1, OE 2.2 e OE 2.3, mellora da accesibilidade e do transporte, internacionalización da economía e competitividade dos sectores estratéxicos
- no Eixe 3, cos dous OE 3.1 e 3.2, desenvolvemento da investigación e a innovación e promoción xeral das TIC
- no Eixe 4, cos OE 4.1, 4.2 e 4.3, mellora contorno natural, equilibrio territorial e eficiencia enerxética
- no Eixe 5, cos dous OE 5.1 e 5.2, administración moderna e próxima e reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia.

A Iniciativa Emblemática Xuventude en movemento (IE 2), que ten como obxectivos mellorar o rendemento do sistema educativo, a mobilidade dos estudantes e investigadores, así como a entrada de mozos no mercado de emprego, presenta unha relación directa cos seguintes obxectivos estratéxicos do PEG:

- no Eixe 1, co OE 1.3, educación e a cultura
- no Eixe 2, co OE 2.2 e 2.4, internacionalización da economía e emprego de calidade, respectivamente.

A Iniciativa Emblemática Unha axenda dixital para Europa (IE 3) favorecerá a creación dun mercado dixital único. Os seus obxectivos están incluídos nos seguintes obxectivos estratéxicos do PEG:

- no Eixe 1, co OE 1.2, prestación sanitaria pública
- no Eixe 2, cos OE 2.2 e 2.3, internacionalización da economía e competitividade dos sectores estratéxicos
- no Eixe 3, cos OE 3.1 e 3.2, desenvolvemento da investigación e a innovación e promoción xeral das TIC
- no Eixe 5, cos OE 5.1 e 5.2, coa administración moderna e próxima e reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia.

A Iniciativa Emblemática Unha Europa que utilice eficazmente os recursos (IE 4) apoiará a xestión sustentable dos recursos e a redución de emisións de carbono. Presenta unha coherencia directa cos seguintes OE do PEG:

- no Eixe 2, cos OE 2.1, 2.2, e 2.3, mellora da accesibilidade e do transporte, internacionalización da economía, e competitividade dos sectores estratéxicos
- no Eixe 3, co OE 3.2, promoción xeral das TIC

- no Eixe 4, cos OE 4.1, 4.2 e 4.3, contorno natural, equilibrio territorial e eficiencia enerxética.

A Iniciativa Emblemática Unha política industrial para a era da globalización (IE 5) apoiará ás empresas a superar a crise económica. Está relacionada cos seguintes OE do PEG:

- no Eixe 2, cos OE 2.1, 2.2, e 2.3, mellora da accesibilidade e do transporte, internacionalización da economía, e competitividade dos sectores estratéxicos
- no Eixe 4, co OE 4.3, eficiencia enerxética.

A Iniciativa Emblemática Unha axenda para novas cualificacións e empregos (IE 6) permitirá mellorar o emprego e a viabilidade dos sistemas sociais. Presenta unha relación coincidente cos seguintes OE do PEG:

- no Eixe 1, cos OE 1.1, 1.3 e 1.5, revitalización demográfica, educación e cultura, e igualdade de oportunidades e a inclusión social
- no Eixe 2, co OE 2.4, emprego de calidade.

A Iniciativa Emblemática Plataforma europea contra a pobreza (IE 7) permitirá aumentar a coordinación entre Estados membros en materias de exclusión e de protección social, prestando especial atención a inclusión social das persoas que se encontran nunha situación de pobreza. Está relacionada cos seguintes OE do PEG:

- no Eixe 1: cos OE 1.2, 1.4 e 1.5, prestación sanitaria pública, benestar social e igualdade de oportunidades, inclusión social e mellora dos servizos sociais.

1.2. A AXUDA COMUNITARIA NOS ORZAMENTOS 2013

As axudas dos programas comunitarios máis importantes nos orzamentos da C.A para 2013 alcanzan un montante de 424,62 millóns de euros e correspóndense coas de política de cohesión a través do FEDER, FSE e Cooperación Territorial e coas políticas de medio rural e de pesca a través do FEADER e FEP, respectivamente.

Distribución da Axuda Comunitaria nos orzamentos 2013 por OE do PEG 2010-2014 e Fondos (euros)

PEG 10-14		FONDOS COMUNITARIOS							TOTAL	%
EIXO	OE	FEDER	FEADER	FEP	FSE	COOPERACIÓN TERRITORIAL				
						TRANSFR	INT IV -C	ESP ATL		
E1	OE01	783.928	0	0	796.816	0	0	0	1.580.744	0,37
	OE02	24.850.769	0	0	0	0	0	0	24.850.769	5,85
	OE03	3.265.268	635.917	0	8.300.000	0	0	0	12.201.185	2,87
	OE04	0	0	0	390.589	521.658	0	0	912.247	0,21
	OE05	562.824	0	0	6.992.595	0	0	0	7.555.419	1,78
E2	OE01	33.579.158	0	0	0	0	0	35.550	33.614.708	7,92
	OE02	6.301.294	12.660.798	0	1.954.743	0	0	0	20.916.835	4,93
	OE03	12.679.092	91.442.935	59.822.291	0	0	0	0	163.944.318	38,61
	OE04	0	0	0	29.748.608	0	0	0	29.748.608	7,01
E3	OE01	4.302.328	2.358.993	0	3.700.000	0	0	9.295	10.370.616	2,44
	OE02	27.617.132	0	0	0	0	0	0	27.617.132	6,50
E4	OE01	43.948.047	1.921.508	26.094	0	270.250	0	46.345	46.212.244	10,88
	OE02	0	37.468.369	0	0	0	0	0	37.468.369	8,82
	OE03	5.467.158	0	0	0	0	0	0	5.467.158	1,29
E5	OE01	510.502	0	0	1.050.000	0	0	0	1.560.502	0,37
	OE02	27.466	0	0	475.000	0	98.250	0	600.716	0,14
TOTAL		163.894.966	146.488.520	59.848.385	53.408.351	791.908	98.250	91.190	424.621.570	100

Fonte: elaboración propia

Por programas destaca a axuda PO FEDER, con 163,89 millóns de euros, que supón o 38,60% do total, seguido do PO FEADER, con 146,49 millóns de euros, que representa o 34,50% da axuda total. O PO FEP, con 59,84 millóns de euros, supón o 14,09% do total, mentres que o PO FSE, con 53,41 millóns de euros alcanza o 12,58% do total da axuda orzamentada. E finalmente, os Programas de Cooperación Territorial alcanzan 0,98 millóns de euros, que supoñen o 0,23% do total da axuda, sendo o de maior importe o transfronterizo de Galicia coa rexión Norte de Portugal, con 0,79 millóns de euros orzamentados, que representa o 0,19% do total da axuda.

Analizando a distribución da axuda comunitaria nos orzamentos da C.A para 2013 por Obxectivos Estratéxicos do PEG 2010-2014, obsérvase que o OE que máis destaca é o 2.3, vinculado cos sectores produtivos galegos, que con 163,94 millóns de euros representa o 38,61% do total, seguido do OE 4.1, relacionado co contorno natural, que con 46,21 millóns de euros supón o 10,88% do total.

Arredor do 8% da axuda aparecen o OE 4.2, territorio sostible e equilibrado, e o OE 2.1, accesibilidade do territorio, que alcanzan respectivamente 37,47 millóns de euros e 33,61 millóns de euros. O OE 2.4, relacionado co emprego de calidade e cun orzamento de 29,75 millóns de euros, e o OE 3.2, vinculado co uso xeral das TIC nos ámbitos produtivos e cun orzamento de 27,62 millóns de euros, representan respectivamente o 7,01% e o 6,50% do total da axuda comunitaria.

A continuación sobresaen o OE 1.2 relacionado coa prestación sanitaria pública, que con 24,85 millóns de euros supón o 5,85% do total, seguido do OE 2.2, internacionalización da economía galega, que con 20,92 millóns de euros supón o 4,93% do total. O OE 1.3, relacionado coa educación e a cultura e cun orzamento de 12,2 millóns de euros, e o

OE 3.1, vinculado co desenvolvemento da investigación e a innovación e cun orzamento de 10,37, supoñen o 2,87% e o 2,44% do total, respectivamente.

Figura despois o OE 1.5, vinculado coa igualdade de oportunidades e a inclusión social, que con 7,56 millóns de euros supón o 1,78% do total, seguido do OE 4.3, relacionado coa eficiencia enerxética, que con 5,47 millóns de euros representa o 1,29% do total da axuda comunitaria nos orzamentos.

E finalmente, cunha representación inferior ao 1% do total da axuda comunitaria aparecen o OE 1.1 (revitalización demográfica, 1,58 millóns de euros), o OE 5.1 (Administración moderna e próxima, 1,56 millóns de euros), o OE 1.4 (benestar social, 0,91 millóns de euros), e o OE 5.2 (capacidade institucional e financeira, 0,60 millóns de euros).

Así mesmo nótase tamén que todos os OE do PEG son contribuídos, ao menos, por algún Fondo comunitario, sobresaíndo o OE 4.1 (contorno natural), que está vinculado con 5 Fondos e o OE 3.1 (desenvolvemento da investigación e a innovación), que está vinculado con 4 Fondos.

A anualidade orzamentada do PO FEDER correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2013, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de axuda comunitaria, a 163,89 millóns de euros.

Distribución da axuda do PO FEDER Galicia 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2013 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	PRESIDENCIA DA XUNTA	540.145
SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	149.243
D.X DE EMERXENCIAS E INTERIOR	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	27.466
INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	CONSELLERÍA DE FACENDA	164.068
D.X DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS	CONSELLERÍA DE FACENDA	346.434
S.X DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	7.362.887
D.X. DE MOBILIDADE	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	6.836.903
D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	460.791
D.X DE COMERCIO	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	3.058.477
D.X. DE INDUSTRIA , ENERXÍA E MINAS	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	5.968.888
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.	1.583.148
SECRETARIA XERAL DE CULTURA	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.	598.518
SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.	3.082.625
SECRETARIA XERAL TECNICA	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	413.581
D. X. DE FAMILIA E INCLUSIÓN	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	783.928
DIRECCION XERAL SS. CC.	CONSELLERÍA DE SANIDADE - SERGAS	24.850.769
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	26.742.255
AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	PRESIDENCIA DA XUNTA	23.497.265
AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	6.773.648
CENTRO INFORMATICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	CONSELLERÍA DE FACENDA	3.579.722
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	6.301.294
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	300.000
AUGAS de GALICIA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	36.124.369
PORTOS DE GALICIA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	4.348.542
Orzamento		163.894.966

Fonte: elaboración propia

O número de centros directivos que xestionarán o FEDER orzamentado para o ano 2013 elévase a 24. Destaca a axuda comunitaria que será xestionada por Augas de Galicia (36,12 millóns de euros), que supón o 22,04% do total, seguido da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (26,74 millóns de euros), da Dirección Xeral SS. CC. – SERGAS da Consellería de Sanidade (24,85

millóns de euros), e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Presidencia da Xunta (23,50 millóns de euros), que representan respectivamente o 16,32%, 15,16% e 14,34% do total da axuda FEDER orzamentada.

A anualidade orzamentada do PO FEADER correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2013, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de axuda comunitaria, a 146,49 millóns de euros.

Distribución da axuda do PO FEADER Galicia 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2013

Organo Xestor	Consellería	Euros
D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	1.921.508
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	1.213.534
SECRETARÍA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	48.989.065
D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	4.752.196
D.X. DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	31.615.711
FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	24.928.068
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	32.716.173
INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	352.265
Orzamento		146.488.520

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán a axuda FEADER orzamentada para o ano 2013 elévase a 8. Destaca a axuda comunitaria que será xestionada pola SX de Medio Rural e Montes (48,99 millóns de euros), a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (32,72 millóns de euros), a DX de Producción Agropecuaria (31,62 millóns de euros) e o Fondo Galego de Garantía Agraria (24,93 millóns de euros), todos pertencentes á Consellería de Medio Rural e do Mar, que representan respectivamente o 33,44%, 22,33%, 21,58% e o 17,02% do total da axuda FEADER.

A anualidade orzamentada do PO FSE correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2013, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de axuda comunitaria, a 53,41 millóns de euros.

Distribución da axuda do PO FSE Galicia 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2013 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	PRESIDENCIA DA XUNTA	380.000
SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	5.800.000
INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	CONSELLERÍA DE FACENDA	90.000
D.X. DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS	CONSELLERÍA DE FACENDA	960.000
SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	2.200.000
D.X. DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	400.000
D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	6.567.300
D.X. DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	28.157.788
D.X. DE EMPREGO E FORMACIÓN	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	1.590.820
S.X. DE POLÍTICA SOCIAL	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	390.589
D. X. DE FAMILIA E INCLUSIÓN	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	1.609.411
SECRETARIA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	332.700
D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	1.000.000
ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA	475.000
AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	1.500.000
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	1.954.743
Orzamento		53.408.351

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán o FSE orzamentado para o ano 2013 elévase a 16. Destaca a axuda comunitaria que será xestionada pola DX de Traballo e Economía social da Consellería de Traballo e Benestar (28,16 millóns de euros), a DX de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e O.U. (6,57 millóns de euros), a SX de Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza (5,8 millóns de euros), a SX de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e O.U. (2,2 millóns de euros), e o Instituto Galego de Promoción Económica da Consellería de Economía e Industria (1,96 millóns de euros), que supoñen respectivamente o 52,72%, 12,30%, 10,86%, 4,12% e 3,66% do total da axuda FSE orzamentada.

A anualidade orzamentada para o ano 2013 do PO de Cooperación Territorial Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal repartida por órganos xestores e Consellerías da Xunta, ascende a 791.908 euros en axuda FEDER.

Distribución da axuda CT Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013 por centro xestor e consellerías no orzamento 2013 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
S.X DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	136.000
S.X. DE POLITICA SOCIAL	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	521.658
AXENCIA PUBLICA INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	134.250
Orzamento		791.908

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán a axuda do PO Cooperación Territorial Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal orzamentada para o ano 2013 elévase a 3. Destaca a axuda comunitaria que será xestionada pola SX de Política social da Consellería de Traballo e Benestar (521.658 euros), que supón o 65,87% do total. Os outros 2 xestores do programa son a SX da Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (136.000 euros) e a Axencia pública Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia da Consellería de Medio Rural e do Mar (134.250 euros), que representan o 17,17% e o 16,95% do total da axuda transfronteiriza orzamentada, respectivamente.

A anualidade orzamentada para o ano 2013 do PO de Cooperación Territorial Transnacional Espazo Atlántico, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta, ascende a 91.190 euros en axuda FEDER.

Distribución da axuda FEDER CT Transnacional Espazo Atlántico 2007-2013 por centros xestores e consellerías no orzamento 2013 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
D.X. DE MOBILIDADE	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	35.550
SECRETARIA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	9.295
AXENCIA PUBLICA INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	46.345
Orzamento		91.190

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán a axuda do PO Cooperación Territorial Transnacional Espazo Atlántico orzamentada para o ano 2013 son 3. Destaca a axuda

comunitaria que será xestionada pola Axencia pública Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia da Consellería de Medio Rural e do Mar (46.345 euros), que supón o 50,82% do total, seguido da DX de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (35.550 euros) e da SX de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar (9.295 euros), que representan respectivamente o 38,98% e o 10,19% do total da axuda orzamentada.

A anualidade orzamentada para o ano 2013 do PO de Cooperación Territorial Interrexional INTERREG IV C, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta, ascende a 98.250 euros en axuda FEDER.

Distribución da axuda FEDER CT Interrexional INTERREG IV-C 2007-2013 por centro xestor e consellerías no orzamento 2013 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	98.250
Orzamento		98.250

Fonte: elaboración propia

O centro xestor que xestionará a axuda do PO Cooperación Territorial Interrexional INTERREG IV C orzamentada para o ano 2013 é a Academia Galega de Seguridade Pública, con 98.250 euros.

A anualidade orzamentada para o ano 2013 da axuda comunitaria FEP Galicia, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta de Galicia, ascende a 59,85 millóns de euros.

Distribución da axuda do PO FEP Galicia 2007-2013 por centro xestor e consellerías no orzamento 2013 (euros)

Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
SECRETARÍA XERAL DO MAR	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	44.706.386
D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	15.141.999
Orzamento		59.848.385

Fonte: elaboración propia

Son 2 os centros directivos da Consellería do Mar que xestionarán o FEP orzamentado para o ano 2013. Destaca a SX do Mar, con 44,71 millóns de euros, seguido da DX de Desenvolvemento Pesqueiro, con 15,14 millóns de euros, que supoñen respectivamente o 74,70% e o 25,30% do total da axuda FEP de pesca.